

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MELIDE

Publicación da aprobación definitiva da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal número 8 reguladora da taxa pola subministración/distribución da auga do Concello de Melide

EDICTO

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019 sobre modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución da auga, publicado no BOP número 239, de 17/12/2019, e unha vez transcorrido o prazo sen que se teña presentado reclamación nin alegación ningunha, publícase o texto da modificación do artigo 6 da Ordenanza número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga, que quedaría redactado como segue:

“Artigo 6º–COTA TRIBUTARIA.

Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

Tarifas do servizo de abastecemento:

1.–Abonados domésticos e comerciais:

1.1.–Mínimo de 10 m³ mes: 0,3800 €/m³

1.2.–Excesos: 0,4807 €/m³

2.- Usos industriais e obras:

2.1.–Mínimo de 30 m³ mes: 0,4362 €/m³

2.2.– Excesos: 0,5366 €/m³”

A modificación entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría e o texto da modificación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Melide, 5 de febreiro de 2020

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

2020/888